

Prólogo de Emilia Vázquez Rozas, Decana da Facultade

| | |
|---|--|
|  | <p>No curso 2017-18 se celebra o 50 aniversario dos estudos de economía en Galicia, que tiveron o seu inicio na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en Santiago de Compostela. Como decana, é para min unha honra estar á fronte dunha Facultade que ao longo da súa historia desenvolveu un importante papel na economía e na cultura de Galicia, ao que contribuíron os que me precederon no cargo dende o inicio da Facultade: Carlos Otero, Luis Suárez-Llanos; José Castillo; Bernardo Pena; Jaime García-Lombardero; Xosé Manuel Beiras; José Vilas; Luis Caramés; José Carlos De Miguel; Javier Rojo; Jaime Barreiro e Maite Cancelo.</p> |
|---|--|

Dende o inicio, os estudos de economía e empresa foron crescendo segundo as necesidades da propia sociedade, que demanda profesionais formados nas áreas de economía e de administración e dirección de empresas, e que contribúen co seu traballo á mellora da economía e o benestar dos galegos e galegas. O coñecemento e o estudo nas áreas económicas é fundamental, e sobre esa base a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais edita dende hai máis de 25 anos a *Revista Galega de Economía*, única revista de Economía de Galicia, que se puxo en marcha grazas á colaboración da Xunta de Galicia, e que continúa sendo un referente para a difusión de Galicia no mundo. Cómpre destacar que na actualidade está dirixida pola profesora M^a Carmen Guisán, unha das profesoras españolas de economía mais citadas a nivel mundial.

Este número especial da *Revista Galega de Economía* recolle as principais conclusións do congreso que tivo lugar na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais os días 12 e 13 de abril de 2018, baixo o título “50 anos de Economía en Galicia”, co apoio da Xunta de Galicia e da nosa Universidade. Contamos na inauguración coa presenza do reitor, Juan Viaño; e do Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro, e na clausura coa presenza do Conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, e da Vicerreitora Dolores Álvarez.

Nas 13 sesións de traballo nas que se organizou o congreso, participaron 44 relatores tanto do ámbito académico como do mundo empresarial e da xestión pública e contou con 150 inscritos. Nas distintas sesións se realizaron interesantes exposicións e debates sobre a situación actual da economía galega e a súa evolución ao longo dos últimos 50 anos.

Foron temas de debate cuestións tan importantes para Galicia como a demografía, a formación ou o emprego, e analizáronse algúns dos sectores de maior relevancia na nosa Comunidade, así como os cambios experimentados nas organizacións empresariais. O sector público e a análise de Galicia en Europa tiveron tamén o seu espazo de análise e reflexión. Non podo deixar de nomear aos relatores e relatoras que participaron no Congreso con interesantes e importantes aportacións, moitas delas recollidas neste número especial da *Revista Galega de Economía*: A primeira mesa da xornada encarou a *Nova organización*

empresarial e contou coa presenza de importantes directivos do país, como José Antonio Varela, Justino Bastida, Ramón Domínguez Rego, José Ramón Pérez Nieto, José Gabriel Barreiro Pérez e José María Fonseca Moretón, en representación do tecido empresarial galego. *Poboación, condicións da vida* foi a temática da segunda cita, coas aportacións de María Xosé Rodríguez Galdo, Fausto Dopico, Eduardo Pis Sánchez e Bernardo Pena Trapero.

A terceira sesión centrouse en *A formación universitaria: evolución, situación actual e futuro*, da man de José Díez de Castro, José Carlos De Miguel, Eduardo López Pereira e Emilia Vázquez Rozas. Na sesión cuarta, *Os cambios no sector industrial*, os poñentes foron Xoan Carmona e Xan Facal. *A importancia do sector pesqueiro*, foi a temática da sesión quinta, coa participación de Fernando Gonzalez Laxe e Gonzalo Rodríguez.

Na mesa seis, *Principais indicadores económicos de Galicia: evolución e situación actual*, fíxose un interesante repaso pola evolución da economía galega en relación á española e as mais importantes economías europeas, a cargo de M^a Carmen Guisán e Maite Cancelo. Mostráronse tamén indicadores económicos das sete cidades galegas.

Os Recursos enerxéticos e mineiros foi tema debatido por os expertos na materia da nosa facultade: Xoán Doldán, Rosa Regueiro e Xosé Antón Rodríguez, que destacaron a importancia do sistema enerxético de Galicia.

A segunda xornada abriuse coa participación de Alberto Meijide, Laura Hospido e Juan Ramón García cun interesante debate sobre o *Mercado de traballo*.

Os cambios no sector agrario e forestal foi o tema da sesión novena, na que os relatores, Xosé Luis Quiñoá, Edelmiro López e María Loureiro, debateron sobre as transformacións que experimentou a economía e a sociedade galega nos últimos 50 anos con profundas mudanzas das áreas rurais, tanto na súa estrutura demográfica como na base económica e na xestión do territorio.

A sesión 10 versou sobre *O turismo como fonte de riqueza: rural, termal, cultural...*, e nela participaron María Nava Castro, Jose Antonio Fraiz e Fidel Martínez, quenes sinalaron a importancia do turismo na economía galega, e a importancia da adaptación aos cambios tecnolóxicos neste sector, así como as fortalezas para o futuro do mesmo.

Os Servizos financeiros e os cambios na banca, se analizaron na mesa composta por José Antonio Redondo, Juan Ramón Quintás e Francisco Domínguez, na que ante a evolución dos últimos anos, indican que os novos paradigmas que intentan dar resposta aos evidentes fracasos teóricos deben ser obxecto de reflexión.

Pola súa parte, os relatores da sesión sobre *Evolución e control do gasto público*, Luis Caramés e Miguel Ángel Vázquez, quenes analizaron os axustes producidos trala última crise.

A última sesión, *Galicia en España e na UE*, contou con Emilio P. Touriño e Jaime Barreiro, fixeron unha interesante exposición da construción da nova Europa que foi tamén o de asentamento definitivo da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Quero expresar o meu agradecemento ás Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, que fan posible a edición da Revista Galega de Economía, e á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, sen cuxo apoio non seríamos quen de celebrar o “Congreso de Economía de Galicia”.

Emilia Vázquez Rozas, Decana, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela